

ADDENDA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DO

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Curso 2021-2022

I.E.S. N°1 - RIBEIRA

Considerando a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, faise necesario realizar as seguintes modificacións á programación do departamento:

1.- AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

1.1 PROCEDEMENTOS

A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO desaparece trala orde mencionada con anterioridade. Habrá unha **TERCEIRA AVALIACIÓN** e logo a **AVALIACIÓN FINAL** co seguinte calendario:

- **TERCEIRA AVALIACIÓN** pasará a celebrarse do día 6 ao 9 de xuño de 2022.
- **AVALIACIÓN FINAL** pasará a celebrarse a partir do día 23 de xuño de 2022.

O proceso de avaliación consta das seguintes fases:

Avaliación Continua.

En canto á avaliación continua, como o seu nome indica, ten lugar ó longo de todo o curso e basease no grao de consecución, en termos de capacidades, dos obxectivos sinalados para cada unidade didáctica (programación de aula). Deste xeito, o alumnado é avaliado de todos os contidos do curso na 3ª avaliación.

Avaliación Final.

Ao finalizar o curso valorarase o rendemento académico do alumnado, así como o seu progreso, interese e esforzo, a través da **cualificación final obtida na 3ª avaliación** que se establecerá segundo os criterios de cualificación establecidos e que **será tamén a cualificación na Avaliación Final** a finais de xuño agás para aqueles alumnos que non superaron a materia na 3ª avaliación.

1.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo mediante os seguintes instrumentos: análise de tarefas escritas e orais (como poderían ser deberes, fotocopias de exercicios de ampliación e reforzo de gramática e vocabulario, dictados, videos, exercicios de listening, speaking, reading e writing), da observación na clase (mediante o traballo que faga o alumno no seu caderno, no libro e no cadernillo, co seu dicionario, etc.) e de probas obxectivas (que poden ser de gramática, de vocabulario, do uso da lingua, do libro de lectura ou de calquera outro aspecto que o profesor estime oportuno e conveniente), que se realizarán de xeito periódico para comprobar o nivel de adquisición de obxectivos e competencias presentados e traballados na clase e na casa por parte dos alumnos.

1.3 RECUPERACIÓN DA MATERIA PARA O ALUMNADO QUE NON A SUPEROU

Aínda que desaparece a AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA, o alumnado terá a posibilidade de superar a materia no periodo entre a 3ª AVALIACIÓN e a AVALIACIÓN FINAL.

O sistema para a recuperación das partes non superadas será o seguinte:

- 1.- Realización de tarefas de recuperación
- 2.- Realización de exames

1.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Seguen a estar vixentes os criterios de cualificación establecidos na Programación Didáctica pero tendo en conta o seguinte:

- a) A cualificación na 3ª avaliación será a mesma que conste na Avaliación Final para o alumnado que superou a materia cun 5 ou máis.
- b) No caso de ter un suspenso na 3ª avaliación, o alumnado poderá superar a materia ata a Avaliación Final e, no caso de aprobar, acadará unha cualificación diferente á 3ª avaliación de 5 ou máis. Pero no caso de non superar a materia, será a cualificación obtida.

1.5 DESENVOLVEMENTO DAS CLASES NO MES DE XUÑO

No periodo entre a 3ª AVALIACIÓN (primeiros do mes de xuño) e a AVALIACIÓN FINAL (finais do mes de xuño) o alumnado terá a obriga de asistir a clase para a realización das seguintes actividades:

- a) **Alumnado que superou a materia:** Preparación e realización de actividades de reforzo, apoio e ampliación.
- b) **Alumnado que NON superou a materia:** Preparación e realización de actividades de reforzo, apoio, recuperación e as probas pertinentes.

2.- AVALIACIÓN NO BACHARELATO

2.1 PROCEDEMENTOS

Haberá unha **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO** que substituirá á tradicional que tiña lugar no mes de setembro. Haberá unha **AVALIACIÓN ORDINARIA** e logo a **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA** co seguinte calendario:

- **AVALIACIÓN ORDINARIA** pasará a celebrarse do día 6 ao 9 de xuño de 2022 para 1º de Bacharelato e sobre o día 18 de maio para 2º de Bacharelato.
- **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA** pasará a celebrarse a partir do día 23 de xuño de 2022.

O proceso de avaliación consta das seguintes fases:

Avaliación Continua.

En canto á avaliación continua, como o seu nome indica, ten lugar ó longo de todo o curso e basease no grao de consecución, en termos de capacidades, dos obxectivos sinalados para cada unidade didáctica (programación de aula). Deste xeito, o alumnado é avaliado de todos os contidos do curso na 3ª avaliación.

Avaliación Final.

Ao finalizar o curso valorarase o rendemento académico do alumnado, así como o seu progreso, interese e esforzo, a través da **cualificación final obtida na 3ª avaliación** que se establecerá segundo os criterios de cualificación establecidos e que **será tamén a cualificación na Avaliación Ordinaria** agás para aqueles alumnos que non superaron a materia e terán que facer as probas extraordinarias e recibir unha cualificación **na Avaliación Extraordinaria**.

2.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo mediante os seguintes instrumentos: análise de tarefas escritas e orais (como poderían ser deberes, fotocopias de exercicios de ampliación e reforzo de gramática e vocabulario, dictados, videos, exercicios de listening, speaking, reading e writing), da observación na clase (mediante o traballo que faga o alumno no seu caderno, no libro e no cadernillo, co seu dicionario, etc.) e de probas obxectivas (que poden ser de gramática, de vocabulario, do uso da lingua, do libro de lectura, de exames tipo ABAU no caso de 2º de Bacharelato ou de calquera outro aspecto que o profesor estime oportuno e conveniente) , que se realizarán de xeito periódico para comprobar o nivel de adquisición de obxectivos e competencias presentados e traballados na clase e na casa por parte dos alumnos.

2.3 RECUPERACIÓN DA MATERIA PARA O ALUMNADO QUE NON A SUPEROU

O alumnado terá a posibilidade de superar a materia no periodo entre a AVALIACIÓN ORDINARIA e a AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

O sistema para a recuperación das partes non superadas será o seguinte:

- 1.- Realización de tarefas de recuperación
- 2.- Realización de exames

2.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Seguen a estar vixentes os criterios de cualificación establecidos na Programación Didáctica tendo en conta o seguinte:

- a) Nas diferentes convocatorias (Ordinaria ou Extraordinaria) o alumnado terá que acadar una cualificación de 5 ou máis para aprobar a materia.
- b) Na convocatoria EXTRAORDINARIA para todas as ensinanzas, e nas ordinarias e extraordinarias de pendentes eliminarase a proba oral por falta de tempo.

2.5 DESENVOLVEMENTO DAS CLASES NO MES DE XUÑO

1º Bacharelato

No periodo entre a AVALIACIÓN ORDINARIA (primeiros do mes de xuño) e a AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (finais do mes de xuño) o alumnado terá a obriga de asistir a clase para a realización das seguintes actividades:

- a) **Alumnado que superou a materia:** Preparación e realización de actividades de reforzo, apoio e ampliación.
- b) **Alumnado que NON superou a materia:** Preparación e realización de actividades de reforzo, apoio, recuperación e as probas extraordinarias pertinentes.

2º Bacharelato

No periodo entre a AVALIACIÓN ORDINARIA (finais do mes de maio) e a AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (finais do mes de xuño) o alumnado terá a obriga de asistir a clase para a realización das seguintes actividades:

- a) **Alumnado que superou a materia:** Preparación da ABAU.
- b) **Alumnado que NON superou a materia:** Preparación e realización de actividades de reforzo, apoio, recuperación e as probas extraordinarias pertinentes.